



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso práctico sobre responsabilidade patrimonial das entidades locais

CONVOCATORIA: Convenio de colaboración EGAP-CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA-3

GRUPO: Cursos TIC convenios AMTEGA

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	CONVENIO	HORAS:	27
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 19/09/2018 - 08:00h ao 26/09/2018 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Análise da normativa sobre a responsabilidade patrimonial, dos procedementos administrativos para a súa efectividade, das súas diferentes dimensións (polo funcionamento anormal do servizo público, de autoridades e persoal ao servizo das administracións, do Estado lexislador, por actos de concesionarios e contratistas...).

Análise práctica dos diferentes supostos, partindo dos máis recentes pronunciamentos xurisprudenciais na materia e estudo de criterios específicos de órganos consultivos: Consello de Estado e Consello Consultivo de Galicia.

A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que tramite calquera tipo de expediente relativo á existencia de responsabilidade patrimonial perante o órgano ou dependencia en que prestan servizos.

O coñecemento desta materia redonda no mellor exercicio profesional da súa función na medida en que a materia presenta múltiples dimensións, na medida en que todos os órganos administrativos están suxeitos á eventual existencia de responsabilidade patrimonial por parte da cidadanía, calquera que sexa o servizo público que presten: por actos materiais, polo exercicio ordinario das súas competencias, por atrasos na prestación do servizo, por actos lexislativos, por actos de funcionarios.

Por outra banda, na regulación do procedemento de existencia de responsabilidade patrimonial existen múltiples aspectos non resoltos na normativa tales como as causas e prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación, a función dos órganos consultivos, a cuantificación dos danos, o concepto de nexo causal, os propios requisitos para apreciar un funcionamento anormal dun servizo, o caso fortuíto ou forza maior... e que dan lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis que necesariamente ten que coñecer aquel persoal funcionario que ordinaria ou eventualmente participa na tramitación deste tipo de expedientes. Así mesmo, é unha materia de grande interese xurídico e doutrinal.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia e do sector público autonómico.

Preferentemente, habilitados nacionais e funcionarios da administración local dos grupos A1 e A2, que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución de este tipo de expedientes.

PROGRAMA

Sesión I. O Consello Consultivo de Galicia e as entidades locais: relacións e colaboración institucional.

Sesión II. Regulación actual, características e presupostos da responsabilidade da Administración.

Sesión III. Procedementos en materia de responsabilidade patrimonial:

– Procedemento ordinario.

– Procedemento abreviado.

Sesión IV. A responsabilidade de autoridades e persoal ao servizo das administracións públicas.

Sesión V. A responsabilidade de contratistas e concesionarios.

Sesión VI. A responsabilidade por actos de natureza lexislativa.

Sesión VII. A responsabilidade patrimonial por actuacións urbanísticas I.

Sesión VIII. A responsabilidade patrimonial por razóns urbanísticas II.

Sesión IX. Casos prácticos.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia e do sector público autonómico.

Preferentemente, habilitados nacionais e funcionarios da administración local dos grupos A1 e A2, que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución de este tipo de expedientes.

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

VIGO

LOCALIDADE: Vigo

INICIO / FIN: 15/10/2018 a 25/10/2018

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 25/10/2018 ás 18:00h

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Datas: 15 ao 25 de outubro 2018.

Horario de 16:00 a 19:00

Sala A 1º Andar.

VIGO, Edificio Administrativo, Praza da Estrela, 9A.